

AS BESTAS

Rodrigo Sorogoyen, 2022

1068

ESTREA EN NUMAX: 17.02.2023 | V.O. | +12 | 137 minutos

Unha parella francesa de mediana idade múdase a unha vila de Galicia en busca de proximidade coa natureza. Porén, o seu amor pola vila e o seu entusiasmo pola contorna choca de fronte coa opresión abusiva e antagónica dunha familia local que viviu alí toda a súa vida. A tensión aumenta até o punto de causar unha aberta hostilidade e unha violencia chocante.

«Un filme tenso como un arame de espiño»

Sergi Sánchez, LA RAZÓN



Entrevista con Rodrigo Sorogoyen: «Gústame subverter un pouco os xéneros, transgredilos, non facer filmes tan pechados»

Por Luis Tormo

O cambio de punto de vista que se produce no último terzo do filme, onde as mulleres adquiren un maior protagonismo, estaba xa no guión orixinal ou foi algo que xurdiu no desenvolvemento da historia? Este guión escribímolos en 2015 e ía ser o noso terceiro filme despois de *Que Dios nos perdone* (2016), pero decidín pospoñelo porque cría que para facer este filme necesitabamos un maior control da produción do que eu podía ter naquela época e cría que eu tiña que ser máis maduro como cineasta. Entón fixemos *El reino* (2018), fixemos *Madre* (2019)...

Se ese guión estaba tan definido desde hai anos, cando atopas o sentido formal para abordar o filme? Cando xurde o “como o conto”? Cada momento é distinto. Convivir moito tempo co guión faiche ter ideas, aínda que esas ideas non teñen por que rematar en rodaxe, pero hai veces que se van creando na túa cabeza e se se manteñen é que te seduciron tanto como para levalas a cabo.

É verdade que unha vez vas comezar a rodar si que hai un momento obrigatorio para min no que digo: “E agora como o rodo?”. Nalgún proxecto tiven máis ideas, noutros menos, hai proxectos nos que cheguei coa lingua fóra pensando en se era boa idea... Pero no caso de *As bestas* creo que desde sempre pensei que ía ser un filme máis clásico, cunha realización clásica, pois o guión xa tiña toques de *western*; gustábame unir ese clasicismo cun *western* clásico e creo que máis tarde tomei a idea de rodar a segunda parte de maneira distinta.

Hai un cambio apreciable que para min é moi importante e é que na primeira parte está todo rodado con soportes fixos, se a cámara se move hai un *travelling* (...), e en cambio, toda a segunda parte está rodada con *steadycam*, aínda que sexa plano fixo gústame que a cámara se mova un pouquiño.

Falas de xéneros e do *western* e o filme lémbreme ao Peckinpah de *Perros de paja* (1971) por aquilo dun profesor que vai a unha vila pequena e o uso do *western* trasladado ao *thriller*. Encántame que digas o nome de Peckinpah e *Perros de paja*: ten algo de referencial. Gustábanos iso de facer un *thriller* ao *Perros de paja*, é verdade que ten algo de *western* aínda que non me gusta facer os xéneros pechados. Na historia do cinema xa hai moitos *westerns* bos, dos que aprendemos e admiramos, e gústame subverter un pouco os xéneros, transgredilos, en definitiva, non facer filmes tan pechados.

Nese proceso de elaboración durante varios anos, ao final reuniches un casting moi adecuado. Denis Ménochet ten unha presenza ameazante case sen palabras. Excepto no caso de Luis Zahera que estaba nas nosas cabezas desde a primeira versión (...) para os demais tivemos que buscar. E buscámolos tarde porque non é o mesmo poñerte a buscar en 2016 cando só fixeches *Que Dios nos perdone* que cando fixeches *Antidisturbios* (2020). E iso permitiunos que actores da talla de Denis Ménochet ou unha actriz como Marina Foïs estiveran encantados coa proposta porque, ademais, en Francia os nosos filmes teñen máis éxito que en España, e como Francia é un país moi cinéfilo sabían quen era Rodrigo Sorogoyen e estaban encantados. Foi sinxelo, Denis Ménochet é un actor que me fascina desde sempre e Marina Foïs igual.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El reino,
Rodrigo Sorogoyen.
Warner Bros [DVD]

Antidisturbios,
Rodrigo Sorogoyen.
Divisa [BD]